

RESUMO DO BORRADOR SOBRE A NORMATIVA DE AVALIACIÓN EN GALICIA

Os enfrontamentos políticos e ideolóxicos non deberían afectar ás persoas traballadoras . Isto seica é algo moi difícil de comprender, polo que se nos presenta un borrador da normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia que fai pagar ao persoal docente as consecuencias das diferenzas ideolóxicas entre LOMCE e LOMLOE:

- O aumento do traballo burocrático. Terceira avaliación máis unha avaliación final con 15 días de diferenza, como se en 11 días lectivos se puidese solucionar o que non se puido en todo o curso. E claro, máis informes, porque os informes e a acumulación de papeis semellan ser a clave do éxito educativo.
- Os estándares de aprendizaxe como referentes da avaliación e os "indicadores de logro" que xa non existen pola derogación do RD 126/2014. Asuntos de, como mínimo, dubidosa legalidade, e que poden traer consecuencias non desexables.

Mentras as distintas opcións políticas non entendan que coa educación non se xoga, non hai moito que facer, mentras non entendan que non son os despachos os garantes dunha educación da que a sociedade poida sentirse orgullosa, mentras o persoal docente non sexa o eixo ideolóxico e dinamizador dunha lei educativa que se manteña no tempo coas modificacións que sexan necesarias no seu momento... en fin, así nos vai.

[\(LER TEXTO COMPLETO DO BORRADOR\)](#)

ÍNDICE:

- CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS. Artigos 1-4. Páxs. 1-4.
- CAPÍTULO 2. EDUCACIÓN PRIMARIA. Artigos 5-6. Páxs. 4-6.
- CAPÍTULO 3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. Artigos 7-12. Páxs. 6-12.
- CAPÍTULO 4. BACHARELATO. Artigos 13-18. Páxs. 12-17
- DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Páxs. 17-18.
- DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Páx. 18.
- DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Páx. 18.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Páxs.18-19.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Páx. 19.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Páxs. 19-20.
- DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Páx. 20.
- DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA. Páxs. 20-21.
- DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. Páx. 21.
- DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. Páx. 22.

RESUMO

Art 3. Carácter da avaliación

2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa práctica docente, para o cal se establecerán **indicadores de logro** nas programacións docentes.

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

Art 4. Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

2. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

EP

Art 5. Avaliación

1. A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de etapa os criterios de avaliación e de ser o caso os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014 de 4 de setembro.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou etapa.
3. A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. As medidas de reforzo educativo adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades do alumno.
5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.

Art 6. Promoción

1. **Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto, o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a promoción do alumnado.** A decisión será colexiada tendo en conta os criterios de promoción e tomando en especial consideración a información e criterio do titor. **A promoción no resto dos cursos será automática.**
2. O alumnado que promocioe con algunha área suspensa recibirá os apoios necesarios para recuperar.
3. O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso (medida de carácter excepcional). O equipo docente organizará **un plan específico de reforzo**. Esta medida só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídos os pais.
5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto o titor emitirá un informe sobre o alumno indicando, se é o caso, as medidas de reforzo que se deben tomar no ciclo seguinte.
6. Ao final da etapa o titor realizará un informe sobre cada alumno.

ESO

Art 7. Avaliación

1. A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de etapa os criterios de avaliación e de ser o caso os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015 de 25 de xuño (currículo ESO-BTO).

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, **sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado en ESO.**
- A avaliación será continua, formativa e integradora.
- As medidas de reforzo educativo adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten las dificultades do alumno.
- O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación.
- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e farase o seguimento das materias pendentes.
- O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarse a actividades de reforzo, recuperación, ampliación e titorización. Para o alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación o equipo docente realizará un breve informe individualizado que debe servir como base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.**
- Na avaliación final valoraranse as competencias clave. Os resultados expresaranse cos seguintes termos: **IN, SU, BE, NT e SB.**
- As decisións acerca da promoción e titulación serán tomadas polo equipo docente.

Art 8 Promoción

- Ao final de cada curso o equipo docente decidirá de forma colexiada sobre a promoción do alumnado (...) tendo en conta os criterios de promoción.
- Promocionarán automáticamente os que teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias,** considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
Ademais poderase decidir a promoción dunha alumna con tres materias suspensas (ou máis, a orde non específica) sempre que se cumpran **TODAS as condicións seguintes:**
 - Que **a media aritmética das materias sexa igual ou superior a 5**
 - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Que o equipo docente teña expectativas favorables de recuperación.
 - Que o equipo docente estime que a promoción beneficiará a evolución académica da alumna.
- Quen promocioe sen superar todas as materias seguirá un **plan de reforzo de cada materia.**
- O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso, con carácter excepcional. A permanencia planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estas condicións recolleranse nun **plan específico personalizado.**
- O alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.** De forma excepcional poderá permanecer **un ano máis no cuarto curso,** aínda que se agotara o máximo de permanencia.

Art 9. Consello orientador

- Ao finalizar o 2º curso entregaráselles aos pais un consello orientador** que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e adquisición de competencias e unha

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

- proposta da opción** que se considere máis axeitada para continuar a súa formación, que poderá incluír diversificación curricular ou ciclo formativo de grao básico
2. **Ao finalizar a etapa o alumno recibirá un consello orientador individualizado** que incluírá unha proposta da/s opción/s académica/s que se consideren máis convenientes.
 3. Cando o equipo docente aconselle **diversificación curricular** ou ciclo formativo de grao básico, deberá entregarlles un **consello orientador**.
 4. **Este consello orientador realizará o titor** logo da información recollida na sesión de avaliación final co asesoramento da orientadora.

Art 10. Título de graduado en ESO

1. **Ao finalizar 4º na sesión de avaliación final o equipo docente decidirá de forma colexiada.**
2. Obterá o título de graduado en ESO quen supere todas as materias e ademais o equipo poderá decidir que un alumno titula **con algunha materia suspensa** (non se especifica número) se se cumpren **todas as condicións seguintes**:
 - **Que a media aritmética das materias sexa igual ou superior a 5**
 - Que o Equipo Docente considere que o alumno alcanzou os obxectivos da etapa.
 - Que o Equipo Docente considere que o alumno adquiriu as competencias establecidas.

BTO

Art 13

1. A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de etapa os criterios de avaliación e de ser o caso os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015 de 25 de xuño (currículo ESO-BTO).
2. A avaliación da aprendizaxe é continua e diferenciada segundo as distintas materias.
3. O **profesorado de cada materia** decidirá a fin de curso se o alumno logrou os obxectivos e adquiriu as competencias.
4. **O alumno que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario terá dereito a realizar unha proba extraordinaria** nas datas que se determinen no calendario escolar.
5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais e farase o seguimento das materias pendentes.
 - **A última destas sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario.**
 - **Haberá unha sesión de avaliación logo das probas extraordinarias**
 - As avaliacións finais **ordinaria** e **extraordinaria** realizaranse nas datas que se determinen no calendario escolar.
6. **En 2ºBTO, no período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata a data das probas extraordinarias o centro organizará a impartición das clases con fin de preparar a ABAU e as probas extraordinarias.**
En 1ºBTO, o período comprendido entre a realización final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicaráse a preparación e realización de probas extraordinarias, actividades de apoio, etc.
7. Calificacións de **0 a 10**.
9. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención a diversidade, etc.

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

Art 14. Promoción

1. Ao finalizar 1º BTO o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción.
2. Promociónase a 2º BTO **con dúas suspensas como máximo**. Só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración só se computará o Galego
3. O alumnado que promocioe a 2º BTO con **materias pendentes** debe cursalas ao longo do curso e **o centro organizará as actividades de seguimento, recuperación e avaliación** desas materias. A avaliación destas terá que ser anterior ás do segundo curso.
4. Os que non promocionen deberán repetir curso (enteiro).
5. A superación das materias de 2ºBTO que teñen a súa correspondente en 1ºBTO estará condicionada superación das de 1ºBTO pero **o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente de primeiro sempre que o profesorado que imparta a materia considere que reúne as condicións necesarias para cursar a de segundo**.
6. Os alumnos que en 2º BTO suspendan algunhas materias poderán matricularse só nas suspensas ou repetir o curso completo.

Art 15. Título de Bacharel

3. Poderase obter o título **cunha materia suspensa se se dan as seguintes condicións**:
 - Que o Equipo Docente considere que o alumno alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.
 - **Que non houbo inasistencia continuada e non xustificada**.
 - Que o alumno **se presentou ás probas** e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - Que **a media aritmética** das materias cursadas que como mínimo se requiran para a modalidade pola que se remata **sexa 5** ou máis. A efectos de cálculo considérase a nota da materia suspensa.
Para o cálculo da media para o alumno que cambia de modalidade ou de materia só se terán en conta as materias cursadas que como mínimo se requiran para a modalidade pola que se remata.

Disposición derradeira primeira, modificación orde 19-05-2021 do calendario escolar:

Os apartados 2 e 3 do artigo 10 quedan como segue:

2. **A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado de 1ºBTO (...), así como a sesión da terceira avaliación parcial do alumnado de ESO deberán realizarse a partir do 6 de xuño de 2022.**

3. **Deberán realizarse a partir do 23 de xuño de 2022 as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado de BTO e a sesión de avaliación final do alumnado de ESO.**

O apartado 2 do art. 11 queda como segue:

2. **As probas finais da convocatoria extraordinaria para BTO realizaranse entre o 20 e o 22 de xuño.**